DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 161 | Martes, 27 de agosto de 2019 | Páx. 37684

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*RESOLUCIÓN do 19 de agosto de 2019 pola que se dá publicidade á encomenda á Axencia Galega de Infraestruturas da xestión das actuacións para a execución das obras de asfaltado de vías nos hospitais deste organismo.*

De conformidade co previsto no artigo 9 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, dáse publicidade á resolución do Servizo Galego de Saúde, con data do 19 de agosto de 2019, pola que se encomenda á Axencia Galega de Infraestruturas a xestión das actuacións para a execución das obras de asfaltado de vías nos hospitais do Servizo Galego de Saúde.

– Actividade: encargar á Axencia Galega de Infraestruturas a xestión das actuacións para a execución das obras de asfaltado de vías nos hospitais do Servizo Galego de Saúde.

Para a realización desta encomenda de xestión, a Axencia Galega de Infraestruturas asume a posición de órgano encomendado e desenvolverá todos aqueles actos e negocios xurídicos propios da preparación, selección de contratista, adxudicación e execución de obras públicas.

– Natureza e alcance da xestión encomendada: o encargo ten natureza intersubxectiva, ao ter a Axencia Galega de Infraestruturas a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto nos artigos 47 e 48 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

– Prazo de vixencia: desde o día seguinte á sinatura da encomenda ata a data de finalización do prazo de garantía das obras.

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2019

Jesús Vázquez Almuíña
Presidente do Servizo Galego de Saúde

CVE-DOG: zakdv485-o4m8-tpp7-hro8-adjn1gatets9

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia